



**BASES PARA A SELECCIÓN DO ALUMNADO TRABALLADOR/A E
 PERSOAL DO OBRADOIRO DE EMPREGO
 "TERRA DE XALLAS"**

O obradoiro de emprego "Terra de Xallas" é un programa de emprego e formación, subvencionado pola Consellería de Traballo e Benestar, e promovido polo Concello de Santa Comba.

As especialidades a impartir son as seguintes:

- Operacións auxiliares de revestimentos continuos en construción (EOCB0109) (9 alumnos/as)
- Operacións auxiliares de albanería de fábricas e cubertas (EOCB0208) (10 alumnos/as)

As actuacións a realizar son as seguintes:

- *Acondicionamento do local do Centro de Formación Ocupacional "Escola-Obradoiro"*

O obradoiro terá unha duración de 6 meses e formará a 19 alumnos/as traballadores/as. O alumnado traballador/a será contratado, baixo a modalidade de contrato para a formación e percibirá as retribucións que lle correspondan de conformidade co previsto na normativa vixente.

Contratarase ao seguinte persoal para o obradoiro de emprego:

- 1 director/a (xornada completa)
- 1 mestre/a da especialidade Operacións auxiliares de revestimentos continuos en construción (xornada completa)
- 1 mestre/a da especialidade Operacións auxiliares de albanería de fábricas e cubertas (xornada completa)
- 1 Titor/a – mestre/a de educación básica (media xornada)
- 1 Mestre/a de xestión empresarial (media xornada)
- 1 auxiliar administrativo (xornada completa)

En vista da normativa vixente propónse un sistema de selección que se fundamenta nos seguintes procedementos:

Grupo de traballo mixto:

O grupo de traballo mixto ou comisión de selección estará formado por catro persoas, dúas en representación da xefatura territorial da Consellería de Traballo e Benestar da Coruña e dúas en representación da entidade promotora. A presidencia do grupo de traballo mixto recaerá nunha das persoas que actúan en representación da xefatura territorial da Consellería de Traballo e



2015

15 JUN. 2015
 CONCELLO DE SANTA COMBA
 ESCRITO 33.2015/140-9

Benestar da Coruña Ningunha persoa interesada en formar parte do persoal do obradoiro poderá formar parte do grupo de traballo mixto nin auxiliar ao mesmo nas tarefas de selección.

O grupo de traballo considerárase validamente constituído coa participación nas sesións de traballo de, polo menos, tres dos seus compoñentes.

As decisións do grupo de traballo tomaranse por unanimidade ou pola maioría simple dos membros presentes.

Se, por calquera causa, no momento no que teña lugar as reunións do grupo de traballo mixto, algún dos seus compoñentes non puidera acudir, será substituído/a pola persoa que para o efecto designe a persoa titular da xefatura territorial da Consellería de Traballo e Benestar da Coruña ou a persoa titular da entidade promotora, segundo sexa o caso.

O presente proxecto terá como data prevista para o seu inicio o 1/09/2015, segundo se establece na Orde do 30 de decembro de 2014 pola que se establecen as bases reguladoras das axudas e subvencións para os obradoiros de emprego dentro dos programas mixtos de emprego e formación da Comunidade Autónoma de Galicia e se procede á súa convocatoria para o ano 2015 (DOG núm 7, do 13 de xaneiro de 2015).

Procedemento de selección alumnado-traballador/a:

Sistema de selección: Oferta de actividade.

Localidade: Ámbito do Concello de Santa Comba. No caso de non atoparse candidatos/as suficientes, a sondaxe ampliaríase ao resto dos concellos limítrofes, dando prioridade aos que non teñan proxectos de obradoiros de emprego.

Idade: 18 ou máis anos.

Situación Laboral: Persoas desempregadas, entendéndose nesta situación persoas demandantes de emprego rexistradas no Servizo Público de Emprego de Galicia, que carezan de ocupación remunerada e estean dispoñibles para o emprego, sempre que poidan subscribir contrato de formación e aprendizaxe durante toda a duración do obradoiro.

Criterios preferentes de selección: O grupo de traballo mixto deberá aplicar os criterios preferentes de selección que figuran no artigo 11º da Orde do 30 de decembro de 2014, (DOG núm 7, do 13 de xaneiro de 2015), segundo baremo que se xunta.

As persoas candidatas deberán posuír a formación mínima en materia de competencias clave para poder cursar con aproveitamento os diferentes módulos formativos das respectivas especialidades, obrigatorio para poder acadar o correspondente certificado de profesionalidade (art. 11.2 d).

O grupo de traballo mixto excluírá do proceso selectivo ás persoas candidatas que tiveran superado outro proxecto formativo de iguais características.



O número máximo de candidatos/as a preseleccionar será determinado polo grupo de traballo mixto; e o mínimo será, se é posible, de 57 (3 por praza). A sondaxe realizarase entre as persoas demandantes con algunha das claves seguintes: 340, 320 ou 370 a partir dos 18 anos.

Unha vez ditada a resolución de concesión de subvención para o obradoiro de emprego, a entidade promotora tramitará a correspondente oferta na oficina de emprego de Santiago Norte, para proceder á selección definitiva das persoas candidatas.

A selección definitiva dos/as 19 alumnos/as e a súa distribución por especialidades, de ser o caso, será efectuada en base aos resultados obtidos nunha entrevista persoal, na data que fixe o grupo de traballo mixto, na que as persoas candidatas manifestarán o seu desexo de renuncia ou as súas preferencias polas distintas especialidades do obradoiro.

O grupo de traballo mixto poderá optar por substituír a entrevista persoal por un procedemento de selección consistente nunha reunión na que serán citados todas as persoas candidatas preseleccionadas, para seren sometidas a un cuestionario previamente aprobado polo grupo de traballo mixto.

O grupo de traballo mixto, tendo en conta os criterios de preferencia establecidos no artigo 11º da Orde antes citada e o interese dos/as candidatos/as en participar no proxecto e as súas aptitudes e capacidades, efectuará a selección definitiva, redactará as correspondentes actas e as remitirá á xefatura territorial (Servizo de Emprego e Formación), acompañada da relación do alumnado admitido e excluído indicando, neste último caso, a causa da súa exclusión.

Procedemento selección do persoal directivo, docente e administrativo de apoio:

Neste caso o procedemento utilizado consistirá na oferta de emprego, na que se adecuará o perfil das persoas candidatas aos baremos que se achegan nas páxinas seguintes. As persoas candidatas forzosamente deberán estar inscritas na oficina de emprego preferentemente como demandantes de emprego e subsidiariamente como demandantes en mellora de emprego.

O grupo de traballo mixto determinará o número máximo de candidatos/as a preseleccionar para cada praza, número que como mínimo será, se é posible, de 3 candidatos/as por posto.

No caso de atopar máis candidatos/as que o mínimo establecido, o grupo de traballo mixto establecerá os criterios a seguir para determinar o número de candidatos/as a preseleccionar.

O ámbito da sondaxe será o Concello de Santa Comba, ampliándose, no caso de non se obter un número de candidatos/as suficiente, aos concellos limítrofes e, de ser necesario, a toda a provincia.

15 JUN. 2015



Galicia

Unha vez ditada a resolución de concesión de subvención para o obradoiro de emprego, a entidade promotora tramitará a correspondente oferta xenérica na oficina de emprego de Santiago Norte, para proceder á selección definitiva dos/as candidatos/as.

Rematado o proceso de selección, se o grupo de traballo mixto determinara que queda deserta algunha das prazas ofertadas, abriríase un novo proceso para cubrir as vacantes existentes, podendo o grupo de traballo mixto modificar o requisito mínimo de experiencia profesional reducíndoo en tramos de 6 meses sucesivamente e seguindo a mesma pauta que a descrita anteriormente en canto ao ámbito de búsqueda, ou ben optar polo procedemento de concurso.

A oficina de emprego comunicará os/as candidatos/as preseleccionados/as a forma, lugar e prazo de presentación da documentación xustificativa do currículum, acreditativa dos seus méritos:

- A titulación académica
- A experiencia profesional
- Os cursos realizados, que se xustificaran cos correspondentes diplomas.

A experiencia profesional deberá xustificarse:

**Traballo por conta allea*: Contratos de traballo, vida laboral expedida pola Seguridade Social sempre que poida acreditarse a categoría profesional desempeñada, computándose as horas efectivas traballadas.

**Traballadores autónomos*: Alta no imposto de actividades económicas xunto co último recibo ou documento que lle exima da devandita obriga.

**Traballados no estranxeiro*: Certificación oficial na que conste a profesión desempeñada e os períodos traballados.

As persoas candidatas preseleccionadas que non cumpran cos requisitos de titulación e experiencia profesional, quedarán excluídas do proceso selectivo, polo que o seu currículum non será obxecto de baremación, ni terá lugar a entrevista.

O grupo de traballo mixto valorará os currículums conforme aos baremos e redactará a correspondente acta. A relación provisional das puntuacións outorgadas na primeira fase do proceso selectivo será exposta nos taboleiros da entidade promotora, da xefatura territorial e da oficina de emprego de Santiago Norte, debendo figurar o prazo para presentar reclamacións.

O grupo de traballo mixto citará ás persoas candidatas admitidas para unha entrevista de selección na que se valorará a adecuación das mesmas aos postos de traballo ofertados.

Estas entrevistas terán lugar nas datas e no local que fixe o grupo de traballo mixto. O grupo de traballo mixto levará a cabo as entrevistas, as valorará e redactará as correspondentes actas que se remitirán á xefatura territorial (Servizo de Emprego e Formación).

Publicacións e/ou notificacións:

O grupo de traballo mixto acordará a publicación dos resultados, e tamén a publicación ou notificación, no seu caso, dos demais actos de trámite que poidan afectar aos intereses das

15 JUN. 2015



XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE TRABALLO
E BENESTAR
Departamento Territorial da Coruña



persoas candidatas de acordo sempre co disposto na Lei 30/1992 de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común e demais normativa aplicable.

Manuel
Santa Comba, 10 de xuño de 2015

Pola Consellería de Traballo e Benestar:

Natividad Moreira Arincón
Directora da O.E. de Santiago-Norte

Natividad
Pola entidade promotora:

Evaristo
Evaristo Lois Rama
Funcionario do concello de Santa Comba

Manuel Moledo Carballo
Funcionario na O.E. de Santiago-Norte

Cristina

Cristina Pereira Ulla
Técnico de formación do concello de Santa Comba

15 JUN. 2015



XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE TRABALLO
E BENESTAR
Departamento Territorial da Coruña



galicia



BAREMO PARA A SELECCIÓN DUN/HA DIRECTOR/A

FUNCIÓNS:

Encargarase da coordinación xeral do obradoiro de emprego, e dos medios humanos e materiais, sendo a persoa responsable das relacións co exterior: Consellería de Traballo e Benestar, entidade promotora e empresariado. Levará a cabo a xestión e a supervisión económica do proxecto, así como das actuacións e servizos que se desenvolvan no mesmo.

Así mesmo coordinará e supervisará os aspectos técnicos e formativos do proxecto e do traballo administrativo, e responsabilizarase de que se imparta a formación en prevención de riscos laborais.

En xeral estará encargado do bo funcionamento do Obradoiro, concretamente:

- Elaborar, xunto co equipo docente, a proposta do plan de actuacións
- Presentar ante a Xefatura Territorial da Consellería de Traballo e Benestar e ante o Concello de Santa Comba as memorias periódicas e finais, os datos da xestión orzamentaria da execución das obras, e a preparación da información e documentación necesaria para a compra ou alugueiro de material ou maquinaria.
- Coordinar a programación didáctica, de conformidade co plan formativo do proxecto e o certificado de profesionalidade.
- Supervisar a formación do alumnado-traballador/a e a labor educativa do persoal docente.
- Colaborar co mestre de xestión empresarial para facilitar a inserción laboral do alumnado durante e unha vez rematado o proxecto.
- Controlar o cumprimento das obrigas de todo o persoal do obradoiro, asistencias, puntualidade, comportamento no posto de traballo; todo en consonancia co regulamento de dereitos e deberes do alumnado.
- Proponer, organizar e coordinar as actividades complementarias de carácter formativo do alumnado-traballador/a.
- Velar polo cumprimento das normas de seguridade e saúde no traballo, encargando ao resto do persoal docente e de apoio o control directo do cumprimento de tales normas.

Será contratado/a a xornada completa.

REQUISITOS MÍNIMOS:

Titulación universitaria: Indicarase na oferta de emprego a máis axeitada ao obradoiro (con inclusión das titulacións en grao).

Indicarase na oferta de emprego a experiencia profesional mínima se fora o caso.

VALORACIÓN DO CURRÍCULUM:

Titulación académica:

- Titulación universitaria ou equivalente relacionada coa que se oferte a máis axeitada ao obradoiro: licenciatura ou grao, 1.5 puntos; diplomatura universitaria, 1 punto.
- Máster universitario relacionado, ata 500 horas: 0.75 puntos; máis de 500 horas: 1 punto
- Doutoramento, relacionado: 1.25 puntos



15 JUN. 2015



- Título de técnico/a superior da rama correspondente, ou o seu equivalente: 0.30 puntos.
- Título de técnico/a da rama correspondente, ou o seu equivalente: 0.15 puntos

Esta **puntuación** é acumulable, sendo a **máxima posible 2 puntos**. A titulación mínima esixida unicamente se terá en consideración para determinar a admisión do/a aspirante. As titulacións valorables teñen que estar relacionadas coas funcións a desenvolver.

Experiencia profesional:

Experiencia profesional en postos de traballo que supoñan a dirección de equipos humanos fora do ámbito da formación ocupacional, por un período superior a seis meses, 3 puntos

Se a experiencia en dirección de equipos humanos foi adquirida no ámbito da formación profesional ocupacional, escolas obradoiro, obradoiros de emprego ou casas de oficios, valorarase con 3 puntos.

A **puntuación máxima** que se pode acadar no apartado de experiencia profesional é de **6 puntos**.

Cursos realizados:

Os cursos relacionados coas funcións a desenvolver, sempre que tiveran unha duración mínima de 20 horas lectivas valoraranse como segue:

- Cursos de 20 ata 99 horas lectivas: 0,10 por curso
- Cursos de 100 ou máis horas lectivas; 0,20 puntos por curso

Aqueles cursos nos que non se especifica o número de horas non se valorarán.

A asistencia a xornadas, simposios ou congresos non será obxecto de puntuación.

A **puntuación máxima** que se pode acadar no apartado de cursos é de **2 puntos**.

Coñecementos do idioma galego:

- Curso de iniciación: 0,5 puntos
- Curso de perfeccionamento: 0,75 puntos
- Curso de especialización: 1 punto

A **puntuación máxima** a obter por este apartado será de ata **1 punto**.

Só serán obxecto de valoración aqueles cursos ou titulacións homologadas pola Secretaría Xeral de Política Lingüística dependente da Presidencia da Xunta de Galicia.

De acreditarse dous ou máis cursos ou titulacións só se tera en consideración o grao superior.

Antigüidade como desempregado/a:

Valoraranse cada 6 meses, mediante certificado de vida laboral, con 0,50 puntos.

A **puntuación máxima** que se poderá acadar por este apartado é de **2 puntos**.

Entrevista:

Na que se valorará a capacidade de comunicación e interacción, traballo en equipo e responsabilidade. Puntuarase ata un **máximo de 7 puntos**.

Puntuación final:

As persoas candidatas seleccionadas serán as que obteñan a maior puntuación, unha vez sumadas as puntuacións obtidas polo curriculum persoal e a entrevista. No caso de empate será de



XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE TRABALLO
E BENESTAR
Departamento Territorial da Coruña



galicia

aplicación a instrución décimo-sesta da circular 6/2000 do Director Xeral de Fomento do
Emprego modificada pola circular 2/2002.

Exército Lot. 2009
39.242.742
15 JUN. 2015

[Handwritten signature]

[Handwritten signature]

[Handwritten signature]

[Handwritten signature]

BAREMO PARA A SELECCIÓN DE MESTRES DE OBRADOIRO



Everisto Lois Rama
33.252.743 - S

FUNCIÓNS:

As persoas candidatas seleccionadas encargaranse de impartir a educación correspondente aos seus oficios e de actuar como mestres das súas especialidades nas obras ou actuacións que se leven a cabo como práctica profesional dos/as alumnos/as traballadores/as.

Serán contratados a xornada completa:

- 1 mestre/a da especialidade Operacións auxiliares de revestimentos continuos en construción (xornada completa)
- 1 mestre/a da especialidade Operacións auxiliares de albanería de fábricas e cubertas (xornada completa)

- Elaborar, xunto co/a director/a, a programación didáctica das respectivas áreas ou módulos formativos do certificado de profesionalidade.
- Desenvolver e cumprir a impartición do programa formativo na aula e nas obras a executar, incluíndo a preparación previa dos contidos teórico-prácticos a impartir e a realización das actividades relacionadas cos contidos.
- Responsabilizaranse da aprendizaxe do alumnado-traballador/a, de todas as normas en xeral, do regulamento de réxime interno e das normas de seguridade e saúde en particular.
- Controlarán a asistencia, puntualidade, actitude e rendemento do alumnado-traballador/a, notificando á dirección do obradoiro das incidencias que se produzan.
- Responsabilizaranse do mantemento, conservación e custodia dos materiais, ferramentas e maquinaria que lles sexan asignados, así como a organización da aula-taller e espazos de execución dos traballos.
- Cursarán á dirección do obradoiro as solicitudes de compra de materiais, ferramentas e maquinaria necesarios para o normal desenvolvemento da súa actividade.
- Contribuirán á orientación profesional e laboral do alumnado traballador/a.

REQUISITOS MÍNIMOS:

Nivel académico:

Os establecidos no RD 644/2011, do 9 de maio –modificado polo RD 615/2013, do 2 de agosto–, que regula o certificado de profesionalidade da especialidade Operacións auxiliares de revestimentos continuos en construción.

Os establecidos no RD 644/2011, do 9 de maio –modificado polo RD 615/2013, do 2 de agosto–, que regula o certificado de profesionalidade da especialidade Operacións auxiliares de albanería de fábricas e cubertas

(*) A experiencia profesional esixida nos certificados de profesionalidade para a impartición de docencia acreditarase en horas efectivas traballadas.

VALORACIÓN DO CURRÍCULUM:

Titulación académica:



Titulación universitaria ou equivalente relacionada coa que se oferte a máis axeitada á escola ou obradoiro:

- Licenciatura ou grao, 1.5 puntos; diplomatura universitaria, 1 punto.
- Máster universitario relacionado, ata 500 horas: 0.75 puntos, máis de 500 horas: 1 punto
- Doutoramento, relacionado: 1.25 puntos
- Título de técnico superior da rama correspondente, ou o seu equivalente: 0.30 puntos.
- Título de técnico da rama correspondente, ou o seu equivalente: 0.15 puntos

Esta **puntuación** é acumulable, sendo a **máxima** posible **2 puntos**. A titulación mínima esixida unicamente se terá en consideración para determinar a admisión do aspirante. As titulacións valorables teñen que estar relacionadas coas funcións a desenvolver.

Experiencia profesional:

Experiencia profesional en postos similares desenvolvidos en escolas obradoiro, casas de oficios, obradoiros de emprego ou formación ocupacional por cada un deles con 2 puntos.

Experiencia profesional en postos de traballo similares adquirida fora do ámbito das escolas obradoiro, casas de oficios, obradoiros de emprego ou formación ocupacional, por un período superior a seis meses, puntuarase con 2 puntos.

A **puntuación máxima** que se pode acadar no apartado de experiencia profesional é de **6 puntos**.

Cursos realizados:

Os cursos relacionados coas funcións a desenvolver, sempre que tiveran unha duración mínima de 20 horas lectivas valoraranse como segue:

- Cursos de 20 ata 99 horas lectivas: 0,10 por curso
- Cursos de 100 ou máis horas lectivas; 0.20 puntos por curso
- Aqueles cursos nos que non se especifica o número de horas non se valorarán.
- A asistencia a xornadas, simposios ou congresos non será obxecto de puntuación.

A **puntuación máxima** que se pode acadar no apartado de cursos é de **1 punto**.

Cursos de formación:

- Curso de *especialización docente* (100 horas): 0,50 puntos
- Curso de *metodoloxía didáctica* (150 horas): 0,75 puntos
- Curso de *formador de formadores* (400 horas): 1 punto
- Curso de *C.A.P. ou equivalente (máster en secundaria)*: 1 punto
- Curso de *Docencia da Formación Profesional para o Emprego (SSCE0110)*: 1 punto

A **puntuación máxima** que se pode acadar no apartado de cursos de formación é de **1 punto**.

Coñecementos do idioma galego:

- Curso de iniciación: 0,50 puntos
- Curso de perfeccionamento: 0,75 puntos
- Curso de especialización: 1 punto.

A **puntuación máxima** a obter por este apartado será de ata **1 punto**.



15 JUN. 2015



Só serán obxecto de valoración aqueles cursos ou titulacións homologadas pola Secretaría Xeral de Política Lingüística, dependente da Presidencia da Xunta de Galicia. De acreditarse dous ou máis cursos ou titulacións só se terá en consideración o grao superior.

Antigüidade como desempregado/a:

Valoraranse cada 6 meses, mediante certificado de vida laboral, con 0,50 puntos.

A puntuación máxima que se poderá acadar por este apartado é de 2 puntos.

Entrevista:

Na que se valorará a capacidade de comunicación con mozos e mozas, así como a interacción, traballo en equipo e responsabilidade. Puntuarase ata un máximo de 7 puntos.

Puntuación final :

As persoas candidatas seleccionadas serán as que obteñan a maior puntuación, unha vez sumadas as puntuacións obtidas polo currículo persoal e a entrevista. No caso de empate será de aplicación a instrución décimo-sexta da circular 6/2000 do Director Xeral de Fomento do Emprego modificada pola circular 2/2002.

Mendez

[Signature]

[Signature]

[Signature]



2011013

BAREMO PARA A SELECCIÓN DUN/HA MESTRE DE XESTIÓN EMPRESARIAL,

FUNCIÓNES:

A persoa candidata seleccionada encargaráse de impartir a formación en materia de xestión empresarial, información, orientación e inserción laboral.

Impartirá tamén os módulos de alfabetización informática, sensibilización ambiental e sensibilización en igualdade de xénero.

Así mesmo, levará a cabo funcións tales como visita a empresas para captación de ofertas de emprego, intermediación laboral, acompañamento na inserción laboral dende o inicio do obradoiro, adestramento en habilidades para a busca de emprego, asesoramento legal nas relacións laborais, busca de oportunidades de emprego, definicións de perfís profesionais e realizar a difusión e estímulo de potenciais oportunidades de creación de actividade entre os/as alumnos/as traballadores/as.

Será contratado/a a media xornada

REQUISITOS MÍNIMOS:

Titulación universitaria: Indicarase na oferta de emprego a máis axeitada ao obradoiro (con inclusión das titulacións en grao), tendo en conta as funcións que desenvolverá segundo o apartado anterior.

Indicarase na oferta de emprego a experiencia profesional mínima se fora o caso.

VALORACIÓN DO CURRÍCULUM:

Titulación académica:

Titulación universitaria ou equivalente relacionada coa que se oferte a máis axeitada ao obradoiro: licenciatura ou grao, 1.5 puntos; diplomatura universitaria 1 punto.

- Máster universitario relacionado, ata 500 horas: 0.75 puntos, máis de 500 horas: 1 punto

- Doutoramento, relacionado: 1.25 puntos

- Título de técnico superior da rama correspondente, ou o seu equivalente: 0.30 puntos.

- Título de técnico da rama correspondente, ou o seu equivalente: 0.15 puntos

Esta puntuación é acumulable, sendo a máxima posible 2 puntos. A titulación mínima esixida unicamente terase en consideración para determinar a admisión do aspirante. As titulacións valorables teñen que estar relacionadas coas funcións a desenvolver.

Experiencia profesional:

Experiencia profesional en postos similares desenvolvidos en escolas obradoiro, casas de oficios, obradoiros de emprego ou formación ocupacional por cada un deles con 2 puntos.

Experiencia profesional en postos de traballo similares adquirida fora do ámbito das escolas obradoiro, casas de oficios, obradoiros de emprego ou formación ocupacional, por un período superior a seis meses, puntuarase cón 2 puntos.

A puntuación máxima que se pode acadar no apartado de experiencia profesional é de 6 puntos.



Excmo. Leitor
33.20.2748-S

Cursos realizados:

Os cursos relacionados coas funcións a desenvolver, sempre que tiveran unha duración mínima de 20 horas lectivas valoraranse como segue:

Cursos de 20 ata 99 horas lectivas: 0,10 por curso

Cursos de 100 ou máis horas lectivas; 0,20 puntos por curso

Aqueles cursos nos que non se especifica o número de horas non se valorarán.

A asistencia a xornadas e simposios non será obxecto de puntuación.

A puntuación máxima que se pode acadar no apartado de cursos é de **1 punto**.

Cursos de formación:

Curso de *especialización docente* (100 horas): 0,50 puntos

Curso de *metodoloxía didáctica* (150 horas): 0,75 puntos

Curso de *formador de formadores* (400 horas): 1 punto

Curso de *C.A.P. (máster en secundaria)*: 1 punto

Curso de *Docencia da Formación Profesional para o Emprego (SSCE0110)*: 1 punto

A puntuación máxima que se pode acadar no apartado de cursos de formación é de **1 punto**.

Coñecementos do idioma galego:

Curso de iniciación: 0,50 puntos

Curso de perfeccionamento: 0,75 puntos

Curso de especialización: 1 punto.

A puntuación máxima a obter por este apartado será de ata **1 punto**.

Só serán obxecto de valoración aqueles cursos ou titulacións homologadas pola Secretaría Xeral de Política Lingüística, dependente da Presidencia da Xunta de Galicia. De acreditarse dous ou máis cursos ou titulacións só terase en consideración o grao superior.

Antigüidade como desempregado/a:

Valorarase cada 6 meses, mediante certificado de vida laboral, con 0,50 puntos.

A puntuación máxima que se poderá acadar por este apartado é de **2 puntos**.

Entrevista:

Na que se valorará a capacidade de comunicación con mozos e mozas, así como a interacción, traballo en equipo e responsabilidade. Puntuarase ata un **máximo de 7 puntos**.

Puntuación final :

O/a candidato/a seleccionado/a será o que obteña a maior puntuación, unha vez sumadas as puntuacións obtidas polo currículum persoal e a entrevista. No caso de empate será de aplicación a instrución décimo-sexta da circular 6/2000 do Director Xeral de Fomento do Emprego, modificada pola circular 2/2002.

Exercicio 1.º de Oposición
33.252.745 JUN. 2015



XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE TRABALLO
E BENESTAR
Departamento Territorial da Coruña



galicia

BAREMO PARA A SELECCIÓN DUN/HA TITOR/A E MESTRE/A DE EDUCACIÓN BÁSICA

FUNCIÓNS:

Realizará labores de tutoría do alumnado e coordinará todas as accións formativas do obradoiro cos docentes. Así mesmo, encargarase da preparación do alumnado traballador que non conte coa titulación, para a obtención do título de ESO. Deberá ter experiencia profesional docente relacionada coa impartición de asignaturas desta titulación académica

Será contratado/a a media xornada.

- Impartir o contido formativo relacionado cos ámbitos científico, comunicación e social, en coordinación co resto do persoal docente do proxecto.
- Elaborar o material didáctico a entregar ao alumnado, así como solicitar o material e o equipamento necesarios para impartir a formación.
- Elaborar a planificación didáctica e metodoloxía a utilizar, así como as probas de avaliación, de ser o caso.
- Avaliación da acción formativa ao longo do desenvolvemento da mesma, e detección de non conformidades; ademais da redacción das actas e exames
- Elaboración e preparación da documentación facilitada pola dirección
- Seguimento do alumnado e tutorías individuais ou grupais co alumnado

REQUISITOS MÍNIMOS:

Nivel académico: Titulación universitaria (con inclusión das titulacións ao nivel de grao) relacionada coa materia e funcións a desenvolver.

Indicarase a titulación requirida na oferta de emprego, e a experiencia profesional mínima necesaria, se fora o caso (preferentemente relacionada coas asignaturas a impartir)

VALORACIÓN DO CURRICULUM:

Titulación académica:

Titulación universitaria ou equivalente relacionada coa que se oferte a máis axeitada ao obradoiro: licenciatura ou grao, 1.5 puntos; diplomatura universitaria 1 punto.

- Máster universitario relacionado, ata 500 horas: 0.75 puntos, máis de 500 horas: 1 punto
- Doutoramento, relacionado: 1.25 puntos
- Título de técnico superior da rama correspondente, ou o seu equivalente: 0.30 puntos.
- Título de técnico da rama correspondente, ou o seu equivalente: 0.15 puntos

Esta puntuación é acumulable, sendo a máxima posible 2 puntos. A titulación mínima esixida unicamente terase en consideración para determinar a admisión do aspirante. As titulacións valorables teñen que estar relacionadas coas funcións a desenvolver.

Experiencia profesional:

Experiencia profesional en postos similares desenvolvidos en escolas obradoiro, casas de oficios, obradoiros de emprego ou formación ocupacional por cada un deles con 2 puntos.



15 JUN. 2015

Excmo. Leitor
33.292.748-S

Experiencia profesional en postos de traballo similares adquirida fora do ámbito das escolas obradoiro, casas de oficios, obradoiros de emprego ou formación ocupacional, por un período superior a seis meses, puntuarase con 2 puntos.

A **puntuación máxima** que se pode acadar no apartado de experiencia profesional é de **6 puntos**.

Cursos realizados:

Os cursos relacionados coas funcións a desenvolver, sempre que tiveran unha duración mínima de 20 horas lectivas valoraranse como segue:

Cursos de 20 ata 99 horas lectivas: 0,10 por curso

Cursos de 100 ou máis horas lectivas; 0,20 puntos por curso

Aqueles cursos nos que non se especifica o número de horas non se valorarán.

A asistencia a xornadas e simposios non será obxecto de puntuación.

A **puntuación máxima** que se pode acadar no apartado de cursos é de **1 punto**.

Cursos de formación:

Curso de *especialización docente* (100 horas): 0,50 puntos

Curso de *metodoloxía didáctica* (150 horas): 0,75 puntos

Curso de *formador de formadores* (400 horas): 1 punto

Curso de *C.A.P. (máster en secundaria)*: 1 punto

Curso de *Docencia da Formación Profesional para o Emprego (SSCE0110)*: 1 punto

A **puntuación máxima** que se pode acadar no apartado de cursos de formación é de **1 punto**.

Coñecementos do idioma galego:

Curso de iniciación: 0,50 puntos

Curso de perfeccionamento: 0,75 puntos

Curso de especialización: 1 punto.

A **puntuación máxima** a obter por este apartado será de ata **1 punto**.

Só serán obxecto de valoración aqueles cursos ou titulacións homologadas pola Secretaría Xeral de Política Lingüística, dependente da Presidencia da Xunta de Galicia. De acreditarse dous ou máis cursos ou titulacións só terase en consideración o grao superior.

Antigüidade como desempleado:

Valoraranse cada 6 meses, mediante certificado de vida laboral, con 0,50 puntos.

A **puntuación máxima** que se poderá acadar por este apartado é de **2 puntos**.

Entrevista:

Na que se valorará a capacidade de comunicación con mozos e interacción, traballo en equipo e responsabilidade. Puntuarase ata un **máximo de 7 puntos**.

Puntuación final:

O candidato seleccionado será o que obteña a maior puntuación, unha vez sumadas as puntuacións obtidas polo currículum persoal e a entrevista. No caso de empate será de aplicación a instrucción décimo-sexta da circular 6/2000 do Director Xeral de Fomento do Emprego, modificada pola circular 2/2002.



galicia

BAREMO PARA A SELECCION DUN/HA AUXILIAR ADMINISTRATIVO/A

FUNCIONES:

O/A candidato/a seleccionado/a encargarse das tarefas administrativas do obradoiro, colaborando co director/a en todo canto lle sexa encomendado dentro do ámbito das súas competencias, en particular:

- Levar a contabilidade, arquivo de documentación.
- Realizar xestións telefónicas e supervisar a recepción de chamadas e a notificación das mesmas ás persoas interesadas.
- Actualizar e controlar o material de oficina e de docencia, así como a realización de inventarios.
- Asistir ás reunións, elaborando as actas e encargándose da documentación que se derive destas.
- Organizar o traballo de documentación e fotocopiado
- Supervisar a entrada e saída de correspondencia e documentación, a súa distribución e redacción.
- Cubrir os formularios e demais documentación a solicitude da Xefatura Territorial e da entidade promotora

Será contratado/a a xornada completa

REQUISITOS MÍNIMOS:

Titulación de técnico/a en xestión administrativa ou similar.
Indicarase na oferta de emprego a titulación máis axeitada ao obradoiro é a experiencia profesional mínima se fora o caso.

VALORACIÓN DO CURRÍCULUM:

Titulación académica:

- Título de técnico/a de outra rama relacionada ou o seu equivalente: **0,50 punto**
- Título de técnico/a superior da rama administrativa ou relacionada, ou o seu equivalente: **1 punto.**
- Título de bacharelato: **1,5 puntos**
- Titulación universitaria: (licenciatura, grao ou diplomatura): **2 puntos**

Esta puntuación é acumulable, sendo a máxima posible **2 puntos**. A titulación mínima esixida unicamente se terá en consideración para determinar a admisión do aspirante. As titulacións valorables teñen que estar relacionadas coas funcións a desenvolver.

Experiencia profesional:



Experiencia profesional en postos similares desenvolvidos en escolas obradoiro, casas de oficios, obradoiros de emprego ou formación ocupacional por cada un deles con 2 puntos.

Experiencia profesional en postos de traballo similares adquirida fora do ámbito das escolas obradoiro, casas de oficios, obradoiros de emprego ou formación ocupacional, por un período superior a seis meses, puntuarase con 2 puntos.

A puntuación máxima que se pode acadar no apartado de experiencia profesional é de 6 puntos.

Cursos realizados:

Os cursos relacionados coas funcións a desenvolver, sempre que tiveran unha duración mínima de 20 horas lectivas valoraranse como segue:

- Cursos de 20 ata 99 horas lectivas: 0,10 por curso
- Cursos de 100 ou máis horas lectivas; 0,20 puntos por curso
- Aqueles cursos nos que non se especifica o número de horas non se valorarán.
- A asistencia a xornadas, simposios ou congresos non será obxecto de puntuación.

A puntuación máxima que se pode acadar no apartado de cursos é de 2 puntos.

Coñecementos do idioma galego:

- Curso de iniciación: 0,5 puntos
- Curso de perfeccionamento: 0,75 puntos
- Curso de especialización: 1 punto

A puntuación máxima a obter por este apartado será de alta **1 punto**.

Só serán obxecto de valoración aqueles cursos ou titulacións homologadas pola Secretaría Xeral de Política Lingüística dependente da Presidencia da Xunta de Galicia.

De acreditarse dous ou máis cursos ou titulacións só se terá en consideración o grao superior.

Antigüidade como desempregado/a:

Valoraranse cada 6 meses, mediante certificado de vida laboral, con 0,50 puntos.

A puntuación máxima que se poderá acadar por este apartado é de 2 puntos

Entrevista:

Na que se valorará a capacidade de comunicación con mozos e mozas, así como a interacción, traballo en equipo e responsabilidade. Puntuarase ata un máximo de 7 puntos.

Puntuación final:

O/a candidato/a seleccionado/a será o que obteña a maior puntuación, unha vez sumadas as puntuacións obtidas polo currículum persoal e a entrevista. No caso de empate será de aplicación a instrución décimo-sexta da circular 6/2000 do Director Xeral de Fomento do Emprego, modificada pola circular 2/2002.



**BAREMO PARA A SELECCIÓN DO ALUMNADO TRABALLADOR PARTICIPANTE
NOS OBRADORIOS DE EMPREGO 2015**

A) CRITERIOS PREFERENTES DE APLICACIÓN (Max. 29 pts):

1. MULLERES

As beneficiarias do programa de fomento da inserción laboral das mulleres vítimas de violencia de xénero terán prioridade absoluta.	Prioridade Absoluta
En xeral	1 pto.

2. IDADE

18 -29 anos	4 ptos.
30 - 45 anos	1 pto.
45 ou máis anos	3 ptos.

3. DISCAPACIDADE

Minusvalía \geq 33 %	1 pto.
------------------------	--------

4. PROTECCIÓN POR DESEMPREGO

Perceptores de desemprego	1 pto.
Perceptores de subsidio	2 ptos.
Non perceptores	3 ptos.
Parados que consumisen a totalidade das prestacións e subsidios por desemprego a que tiñan dereito	4 ptos.

5. TEMPO DE DESEMPREGO DENDE O ÚLTIMO TRABALLO (SEGUNDO VIDA LABORAL)

Menos de 12 meses	1 pto.
Máis de 12 meses	2 ptos.
Máis de 18 meses	4 ptos.

6. CATEGORÍA PROFESIONAL (NO TRABALLO INMEDIATAMENTE ANTERIOR SEGUNDO VIDA LABORAL)

Autónomos	0 ptos.
Grupo de cotización do 1 ao 7	0 ptos.
Grupo de cotización 8	1 pto.
Grupo de cotización 9	2 ptos.
Grupo de cotización 10	3 ptos.
Sen emprego anterior	4 ptos.

7. PERTENZA A COLECTIVOS DESFAVORECIDOS OU EN RISCO DE EXCLUSIÓN SOCIAL

Perceptores da RISGA e aqueles que non poidan acceder a ela, ben por falta do período esixido de residencia ou empadramento, ou ben por ter esgotado o período máximo de percepción legalmente establecido	5 ptos.
Drogodependentes rehabilitados acreditados, ex-reclusos, persoas que abandonaron o exercicio da prostitución, traballadores/as inmigrantes residentes da comunidade, emigrantes retornados con graves necesidades familiares ou persoais, mulleres procedentes de casas de acollida con problemas de inserción laboral, persoas que estivesen ata a súa maioría de idade baixo a tutela ou garda da Administración Autonómica, e persoas que formen parte de minorías cuxas características poidan condicionar as súas posibilidades de integración social	1 pto.

8. FORMACIÓN ACADÉMICA

Ata graduado	3 pto.
Bacharelato/BUP e FP ciclo medio	2 ptos
Títulos universitarios e de FP de ciclo superior	1 pto.

9. RESPONSABILIDADES FAMILIARES / UNIDADE FAMILIAR DE CONVIVENCIA (entendéndose por elas a existencia dunha unidade familiar na que a persoa candidata teña ao seu cargo ao cónxuxe, fillos/as menores de 25 anos ou maiores incapacitados ou menores acollidos)

Unidade familiar de 4 ou máis membros	1 pto.
Monoparental con fillo/a/s	1 pto.

10. OUTROS

Por ter prevista a realización deste tipo de medidas no seu itinerario de Inserción Profesional (IPI)	2 ptos
---	--------

B) ADECUACIÓN DO CANDIDATO/A AO POSTO: ENQUISA/PROBA OBXECTIVA (Max.19 ptos)